



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo para a cobertura en propiedade por promoción interna dunha praza de Administrativo C1, funcionario de carreira do Concello de Laxe.

Núm. Admvo. Expte: 2021/E001/000007

Expte. Decreto Núm.: 2023/G003/000914

Visto o expediente que se tramita para o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por promoción interna dunha praza de Administrativo C1, funcionario de carreira, incluída na oferta de emprego público do ano 2020 e aprobadas as bases e a convocatoria do proceso selectivo, a través do sistema de concurso-oposición, por Resolución de Alcaldía núm. 449/2023, de 25 de maio de 2023.

As ditas bases de selección foron publicadas no BOP núm. 102 de 31 de maio de 2023, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios; publicándose o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 123, do 29 e xuño de 2023 e no Boletín Oficial do Estado núm. 205, do 28 de agosto de 2023.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade coa base 6º das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle están conferidas,

RESOLVE:

PRIMEIRO. Aprobar a lista provisional dos/as aspirantes admitidos e excluídos/as no proceso selectivo antes referenciado, do xeito seguinte:

RELACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS:

| APELIDOS E NOME | DNI | Exento/a Proba Galego |
|----------------------|-----------|-----------------------|
| Vázquez Mira, Sandra | ***1201** | Sí |

RELACIÓN PROVISIONAL DE EXCLUIDOS/AS:

Ningún/ha.

A inclusión dos aspirantes na lista provisional de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas bases aprobadas.

SEGUNDO. Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos/as ao non existir aspirantes excluídos/as.

TERCEIRO. Designar ao Tribunal Cualificador previsto na base sexta que estará composto polos membros seguintes:

Presidenta: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello

Suplente: María Garrote López, secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños

Vogais:

Alejandra D. Fandiño Sánchez, secretaria-interventora do Concello de Sobrado

Suplente: Francisco Javier Novoa Juiz, secretario do Concello de Vimianzo

Rosa M^a Buján Ordoñez, secretaria-interventora do Concello de Curtís

Suplente: Patricia Chas Filgueiras, interventora do Concello de Cabana de Bergantiños

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Julio Torreira López, monitor-coordinador deportivo deste concello
Suplente M^a Dolores Antelo Collazo, traballadora social deste concello

Secretaria: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello.

Suplente: Silvana Facal Martínez, AEDL do Concello de Cabana de Bergantiños

CUARTO. Convocar aos membros do tribunal cualificador para a constitución do mesmo e aos efectos de cualificación dos méritos da fase de concurso para o día 22 de novembro de 2023, ás 9.30 h.

QUINTO. Convocar aos membros do tribunal para o 22 de novembro de 2023, ás 11.00 h para a preparación do primeiro exercicio da fase de oposición (exercicio tipo test) no Salón de Plenos da Casa Consistorial da Concello de Laxe, e convocar á aspirante admitida, en chamamento único, para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición (exercicio tipo test) o mesmo día, o 22/11/2023, ás 12.30 h no Salón de Plenos municipal para a realización do mesmo.

SEXTO. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

Mándao e asíno en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García